

IDIOMAS DO MUNDO

VERÁN 2022



EU ❤️
INGLÉS



EU ❤️
FRANÇÉS



EU ❤️
PORTU-
GUÉS



EU ❤️
ALEMÁN

60 PRAZAS

IRLANDA (37)

FRANCIA (10)

PORTUGAL (10)

ALEMAÑA OU AUSTRIA (3)

PRAZO DE SOLICITUDE:

DO 18 DE FEBREIRO AO 4 DE MARZO DE 2022

NA WEB: WWW.CORUNA.GAL/EDUCACION

A TRAVÉS DA FICHA ESPECÍFICA:

"IDIOMAS DO MUNDO 2022"



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

ALUMNADO DE 1º DE BACHARELATO

4 SEMANAS DE DURACIÓN, PREFERENTEMENTE NO MES DE XUÑO

IDIOMAS DO MUNDO 2022



O programa educativo “IDIOMAS DO MUNDO” ofrece a oportunidade ao alumnado de 1º de Bacharelato, de realizar unha **actividade de inmersión lingüística no verán de 2022**, co obxectivo de avanzar no dominio dalgunha das linguas europeas máis faladas no mundo (**inglés e francés, portugués, e alemán**) e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL).

PERÍODO DE REALIZACIÓN
4 semanas, preferentemente no mes de xullo de 2022.

TIPO DE BOLSAS

Bolsa total: serán beneficiarias as persoas seleccionadas que non superen os 9.000,00€ anuais de renda per cápita.

Bolsa parcial: serán beneficiarias as persoas seleccionadas que superen os 9.000,00€ anuais de renda per cápita. As familias asumirán un mínimo do 5% e un máximo dun 95% do custo total da praza, calculado en función da súa renda

REQUISITOS

- **Estar empadroado no concello da Coruña xunto co seu pai e/ou nai ou representante legal** (exclusivamente nos casos en que a representación legal do menor non sexa ostentada polos pais).
- **Estar a cursar, no réxime xeral, 1º de Bacharelato no curso 2021/2022, nun centro escolar da cidade da Coruña.**
- **Contar no curso 2020-2021 cunha cualificación media de 6,5 puntos en 4º da ESO e non ter ningunha materia suspensa.**
- **Contar no curso 2020-21 cunha cualificación mínima de 7 puntos en 4º da ESO nas linguas estranxeiras para as que se solicite o programa** (inglés, francés, portugués ou alemán). No caso de estar a cursar algún destes idiomas **na Escola Oficial de Idiomas poderase alegar a cualificación obtida nela.** Para o caso de **portugués, de**

non estar a cursar esta materia, a cualificación para valorar será a correspondente á materia de lingua galega e literatura do curso 2020-21,

• **Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) e o pasaporte. A data de caducidade dos documentos debe ser posterior á data de regreso da viaxe.**

• **As persoas que necesiten visado para realizar estadias no país para o que solicitan destino deberán dispoñer do mesmo polo menos 15 días antes do inicio da viaxe.** A tramitación e obtención do visado é **responsabilidade da persoa solicitante.**

INSCRICIÓN

- **As persoas interesadas deberán inscribirse en liña na web municipal www.coruna.gal/educacion a través da ficha específica “IDIOMAS DO MUNDO 2022”.** Unha vez feita a inscrición o sistema elabora un xustificante no que se lle concede un **número de asignación (ID)** que será o de referencia de cada expediente no proceso.
- **A documentación do expediente e o xustificante da inscrición en liña, deberá presentarse nos rexistros municipais ou por calquera outro medio permitido pola Lei de Procedemento Administrativo.**

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases da convocatoria.

Este documento ten carácter meramente informativo.

As bases do programa poden consultarse na web www.coruna.gal/educacion

MÁIS INFORMACIÓN

SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN.

Avenida da Mariña, 18 -2º. 15001 A Coruña
Tel. 981 184 200, Extensión 12114
educacion@coruna.es

